

***CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS
MARÍTIMOS***

SECCIÓN 14

1. COMPETENCIAS

De conformidade co disposto no artigo 1 do Decreto 500/2005, do 15 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, esta é o órgano da Comunidade Autónoma ao que lle corresponde desenvolver as competencias e funcións en materia de ordenación pesqueira en augas interiores, marisqueo, acuicultura, confrarías de pescadores e demais organizacións e asociacións profesionais do sector, industrias pesqueiras e conserveiras, establecementos de almacenamento, manipulación, vendas e transformación do peixe, ensinanzas marítimo-pesqueiras, náutico-deportivas e mergullo, cooperación pesqueira con terceiros países, salvamento marítimo, loita contra a contaminación e planificación e actuacións portuarias con incidencia no mundo da pesca, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española.

Os Decretos 211/2005, do 3 de agosto e o 232/2005, do 11 de agosto establecen a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e dos seus departamentos, nos que se fixa a estrutura orgánica das distintas consellerías, quedando configurada esta cos seguintes centros directivos:

1. Secretaría Xeral.
2. Dirección Xeral de Recursos Mariños.
3. Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca.
4. Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

Queda adscrito a esta consellería o ente público Instituto para o Control do Medio Mariño de Galicia.

Os reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos producidos ata o momento en materia de pesca son os seguintes:

1. Real decreto 1634/80, do 31 de xullo, sobre transferencias da Administración do

Estado á Xunta de Galicia en materia de traballo, industria, comercio, sanidade, cultura e pesca. Polo que á pesca se refire, traspasáronse as competencias relativas á xestión do Plan de explotación marisqueira de Galicia, así como as relativas ao outorgamento de licencias individuais ou colectivas para o exercicio da pesca marítima de recreo.

2. Real decreto 3318/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de agricultura e pesca. No que á pesca se refire, transferíronse as competencias, funcións e servizos en materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura, así como en materia de confrarías de pescadores.
3. Real decreto 4189/1982, do 29 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de agricultura e pesca. No que á pesca se refire, transferíronse as competencias, funcións e servizos en materia de ensinanzas profesionais náutico-pesqueiras.
4. Real decreto 1283/1987, do 2 de outubro, polo que se amplía o traspaso de servizos e medios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ensino profesional náutico-pesqueiro.
5. Real decreto 89/1996, do 26 de xaneiro, polo que se traspasan funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ensinanzas náutico-deportivas e subacuático-deportivas.
6. Real decreto 1377/1997, do 29 de agosto, sobre traspasos de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de mergullo.
7. Real decreto 1378/1997, do 29 de agosto, sobre ampliación de funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1283/1987, do 2 de outubro (ensino profesional náutico-pesqueiro).
8. Real decreto 1749/1999, do 19 de novembro, sobre ampliación de servizos e funcións da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polos Real decreto 1283/1987, do 2 de outubro, e 1378/1997, do 29 de agosto, en materia de ensinanzas profesionais náutico-pesqueiras.

2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2006

2.1 DA CONSELLERÍA

Os obxectivos da consellería veñen marcados por unha filosofía clara de lograr unha participación activa, alonxada de paternalismos ou protectorados inxustificadas, de todos os axentes sociais aos que deben atender e dar resposta os orzamentos do ano 2006, na procura de atender as demandas das persoas, co claro obxectivo de facer avanzar a Galicia.

O sector do mar é un sector estratéxico para o benestar e o desenvolvemento da nosa comunidade. É un sector que conta cun tremendo capital humano, que é necesario ilusionar, que teña esperanza en que traballando no mar se pode desenvolver unha profesión de futuro, que investindo nas industrias, na investigación aplicada, na formación, tódalas poboacións costeiras galegas poidan vivir e traballar no noso país. A xente debe ser consciente de que o sector da pesca é un sector lider en Europa, é un sector dinamizador das poboacións do litoral galego, é un sector competitivo e que debe, co apoio de , mellorar nesa competitividade. Nesa liña se elabora o orzamento desta consellería, sen perder a perspectiva de que as persoas e as súas necesidades e demandas son o fin último e primeiro das distintas partidas que se conteñen neste orzamento.

Os obxectivos marcados para este ano 2006, non obstante, vense condicionados polo grao de compromisos acadados no exercicio 2005, polo que en determinados programas existe pouca posibilidade de emprender novas accións ou liñas de actuación.

No senso exposto, as liñas de actuación desta consellería perseguirán, fundamentalmente, os seguintes obxectivos no exercicio orzamentario correspondente ao ano 2006:

1. Planificación racional da utilización dos espazos portuarios pesqueiros.
2. Establecemento de medidas que faciliten o coñecemento e consumo de produtos do

mar, co fin dunha valoración axeitada dos nosos produtos e incidir e equilibrar as dietas alimenticias, fundamentalmente nas idades infantil e xuvenil dos galegos.

3. Elaboración de medidas e actuacións que permitan facilitar un coñecemento real e actual dos caladoiros galegos.
4. A mellora e recuperación dos espazos litorais e zonas produtivas mariñas e marisqueiras.
5. Elaboración e definición dunha formación marítima e pesqueira adaptada ás necesidades actuais que demanda o sector.
6. Desenvolvemento de iniciativas que permitan a realización de investimentos en terceiros países por parte dos empresarios galegos.
7. Adopción de medidas que garantan a supervivencia de especies principais para os ingresos do sector pesqueiro galego.
8. Potenciación de medidas que promociónen o consumo e mellor comercialización dos nosos produtos.
9. A realización de actuacións costeiras artesanais.
10. Fomento da investigación mariña aplicada.
11. Mellora das condicións de seguridade e da cultura do seguro no desenvolvemento da actividade pesqueira e marisqueira.
12. Potenciación das industrias de transformación.
13. Potenciación da acuicultura, compatibilizándoa co respecto ao medio ambiente.

As actuacións referidas concrétanse, entre outras, na adopción das seguintes medidas:

1. Redación dun plan de utilización dos espazos portuarios pesqueiros.
2. Apoio á implantación do consumo de recursos mariños nos centros de ensinanza galegos.
3. Elaboración dun Plan de avaliación dos recursos e caladoiros galegos.
4. Elaboración e execución dun Plan de rexeneración e recuperación dos espazos litorais e zonas produtivas, no que participará activamente o sector a través da presentación de proxectos.
5. Elaboración e execución dun Plan integral de formación marítima.

6. Plan de recuperación de pesquerías con dificultades.
7. Estudos e campañas de promoción para conquistar, e se é o caso, afianzar a denominación de orixe protexida para o mexillón e o percebe e a identidade xeográfica protexida para o ourizo.
8. Execución do Plan de acción costeira artesanal.
9. Estudo para a creación dun seguro de mal tempo que garanta os ingresos aos profesionais do mar e ampliación do seguro colectivo do mar a todos os traballadores enrolados en buques con porto base en Galicia.
10. Potenciación da investigación mariña aplicada.
11. Estudos para a creación dunha Axencia galega de promoción exterior que proporcione aos empresarios galegos información sobre a realización de investimentos en terceiros países .

3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2006

3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO

3.1.1 Da Consellería

PROGRAMA 322K. ENSINANZAS PESQUEIRAS

1. Descrición.

Con este programa perséguese o obxectivo de garantir o funcionamento básico e a continuidade da oferta pública de ensinanzas marítimo e náutico-pesqueiras nas súas diversas modalidades. Concretamente na modalidade de formación profesional náutico-pesqueira de adultos, e os ciclos formativos de formación profesional específica de: navegación e pesca, máquinas navais, cultivos mariños e mergullo profesional. Ademais neste programa intégranse as ensinanzas de certificacións profesionais que se imparten nos catro centros de ensinanzas.

Estas accións formativas desenvólvense nos centros de formación profesional pesqueira e de acuicultura dependentes desta consellería, ubicados en Ferrol, Ribeira, A Illa de Arousa e Vigo, dos que os custos de mantemento, dotación de equipos e acondicionamento, se imputan a este programa.

O fin perseguido é o aseguramento da calidade das ensinanzas a nivel infraestrutural, diversificando e mellorando as dotacións, medios e oferta formativa en permanente adaptación á evolución do sector produtivo e ao avance tecnolóxico.

Na búsqueda dunha resposta máis adaptada ás necesidades de tipo formativo, académico, social e técnico que ven demandando o sector redactarase un Plan integral de formación, que será consensuado co sector no relativo á resposta que este debe dar sobre as demandas de capacitación e especialización que as distintas actividades vencelladas ao mundo do mar precisan.

2. Actividades.

1. Plan integral de formación marítima, pesqueira e portuaria.
2. Adquisición de mobiliario e equipamento didáctico e sistemas informáticos para os centros de ensinanzas marítimo-pesqueiras.
3. Adquisición de equipos ferramentas e utensilios específicos para completar a dotación das ensinanzas especializadas en mergullo profesional.
4. Actualización de equipos didácticos (software).
5. Realización de obras de reparación e acondicionamento de centros.
6. Mantemento e renovación do buque escola Valentín Paz Andrade.
7. Actuacións específicas no campo da formación en seguridade de acordo cos requisitos da Organización Marítima Internacional.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

PROGRAMA 322 S. FORMACIÓN PROFESIONAL. F.S.E.

1. Descripción.

Atopámonos dentro do último ano do marco de actuación do Programa Operativo do Fondo Social Europeo (Acción F.1."Formación Profesional Pesqueira"), que cofinancia os custos de formación profesional dos alumnos que cursan os seus estudos nos centros de formación dependentes desta consellería. Na actualidade participa do programa operativo 2000-2006, con actuacións relativas ás medidas:

1. Fomento do acceso á formación profesional de base e específica.
2. Promoción de mecanismos de integración e mellora da eficacia dos sistemas de formación profesional.
3. Desenvolvemento de alternativas formativas para os que non superan a ensinanza obrigatoria.

Os fins perseguidos están directamente relacionados cos reflectidos no programa 322 K, dándose, no programa 322S especial importancia ás accións innovadoras e axeitando o seu desenvolvemento ás características de finalidade e elixibilidade dos gastos de conformidade coas normas do Fondo Social Europeo.

2. Actividades.

1. Contratación de profesorado especialista para a formación profesional marítimo-pesqueira.
2. Axudas individuais aos alumnos que cursan ensinanzas pesqueiras nos centros dependentes desta consellería.
3. Axudas individuais aos alumnos para a realización de prácticas en empresas.
4. Axudas de intercambio de alumnos e formadores.
5. Realización de actividades formativas do profesorado dos centros desta consellería, para a súa formación permanente, tanto tecnolóxica como pedagóxica.
6. Divulgación da realidade dos centros e os seus obxectivos formativos.
7. Fomento da calidade da formación e seguimento dos sistemas de calidade implantados nos centros oficiais.

8. Continuar cos programas de garantía social, formación adaptada ao itinerario dos adultos, etc...

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

PROGRAMA 342A. PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE

1. Descrición.

Como obxectivo xeral do programa establécese potenciar e á vez dar continuidade ás accións de divulgación e de educación ambiental, buscando unha maior globalidade nas actuacións e fomentando o aproveitamento das sinerxias posibles nas colaboracións con outros departamentos ou entidades.

Os destinatarios directos destas actuacións son os pescadores e os xoves, sen esquecer a relevancia que teñen os escolares e outros grupos sociais, como colectivos nos que se considera importante incidir.

2. Actividades.

No que respecta á Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro:

1. Montaxe de exposicións e actividades de divulgación sobre o mar.
2. Realización de actividades e programas dirixidos á concienciación ambiental sobre o mar dando continuidade aos programas de anos anteriores e o inicio de novas actividades.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

PROGRAMA 422B. PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO NATURAL MARÍTIMO

1. Descrición.

Hoxe en día non se pode entender o desenvolvemento de calquera política sen ter en consideración a adopción de medidas que garantan o exercicio de accións tendentes a respectar e incluso mellorar o noso medio natural. Se, como é o caso, falamos do exercicio dunha actividade directamente vencellada ao noso entorno costeiro, a recursos mariños vivos, a protección do medio natural non soamente é unha obriga, senón que é unha necesidade para garantir o mantemento dunhas condicións básicas para un sector de importancia fundamental para Galicia, tanto no seu aspecto meramente económico coma tamen pola súa tremenda importancia social para as poboacións costeiras.

A administración galega precisa, de común acordo e coa clara implicación dos distintos axentes que participan no desenvolvemento deste sector, a súa actuación activa na procura de adopción de medidas que garantan o mantemento e mellora das condicións naturais do medio mariño onde se producen os recursos mariños e acuícolas, para estabilizar e afianzar os sectores económicos e sociais que converxen nesta actividade. A actuación activa, loxicamente, deberá vir complementada coa adopción de medidas de control, nas que novamente, deberá existir un diálogo e coparticipación da consellería e das organizacións do sector.

En consecuencia, con este programa perséguese a consecución dos seguintes obxectivos:

1. Participación activa do sector na recuperación e rexeneración dos bancos marisqueiros e caladoiros galegos.
2. Mellora no control das accións ilegais na explotación dos recursos.

2. Actividades.

1. Protección do medio natural mariño.

2. Elaboración das tarxetas acreditativas de titularidade de permiso de explotación.
3. Dotación de medios á inspección pesqueira e ao salvamento marítimo.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Recursos Mariños.

**PROGRAMA 432A. PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN,
DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA**

1. Descrición.

Xunto coa clara aposta pola protección e mellora do medio natural mariño mencionado anteriormente, e en íntima conexión con ela, este programa busca o desenvolvemento e mellora da investigación aplicada para conquistar a resposta axeitada ás demandas e ás dúbidas e ás solucións técnicas e prácticas na búsqueda dunha explotación do medio mariño máis segura e limpa, en aras da obtención duns mellores resultados na xestión e explotación dos recursos mariños.

Na execución deste plan xogará un papel moi importante toda a comunidade científica galega, sen exclusión de ninguén, coa necesaria coordinación por parte deste departamento, na procura de optimizar o valioso capital humano co que conta Galicia, implicándoos no desenvolvemento das distintas accións programadas, evitando que os técnicos traballen descoordinados e sen coñecemento das distintas iniciativas que se pretenden desenvolver.

A situación internacional, co continuo incremento dos prezos dos combustibles, demandan a necesidade de buscar enerxías alternativas e limpas a través de accións de investigación que permitan desenvolver a actividade pesqueira cunha estabilidade de futuro en canto a costes fixos na explotación das empresas, o que deriva necesariamente, na realización de accións de investigación neste ámbito, para dar resposta ás demandas do sector, mais alá da tradicional petición de axudas.

No desenvolvemento deste plan xogará un papel moi importante o Centro de Investigacións Mariñas da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, nas súas sedes de Ribadeo e Vilanova de Arousa, e o Cetmar.

2. Actividades.

1. Mantemento dos edificios, instalacións e vehículos do Centro de Investigacións Mariñas nas súas dúas ubicacións.
2. Financiamento dos gastos correntes do Centro de Investigacións Mariñas.
3. Formación de titulados superiores e técnicos especialistas en formación profesional en temas pesqueiros e de acuicultura ou con eles relacionados.
4. Dotación de material científico necesario para o desenvolvemento da investigación.
5. Actualización de equipos informáticos do Centro de Investigacións Mariñas.
6. Reunións e encontros científicos.
7. Adquisición de publicacións, material bibliográfico, etc., destinado ás bibliotecas do Centro de Investigacións Mariñas.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento pesqueiro.

PROGRAMA 441A. ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTADÍSTICA

1. Descrición.

Os recursos asignados a este programa teñen por obxecto financiar o cumprimento dos compromisos da consellería no marco da Lei 10/2001, do 17 de setembro, do Plan galego de estatística 2002-2006.

A través da obtención dos datos e rexistros que se produzan co cumprimento deste plan, explotaranse os mesmos para ser un elemento máis a ter en consideración á hora de adoptar calquera tipo de política e decisión en materia de xestión e explotación dos recursos.

2. Actividades.

O programa de traballo para o exercicio 2006 que, dentro deste marco legal, a consellería se comprometeu a desenvolver, concrétase nas seguintes investigacións estatísticas:

1. Rexistro de buques pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Exportación dos datos de primeira venda nas lonxas galegas.
3. Elaboración das estatísticas de vendas en primeira comercialización.
4. Explotación das estatísticas de primeira venda.
5. Rexistro de instalacións de produción para a acuicultura e empresas haliolimentarias.
6. Estatística de produción de acuicultura mariña.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Recursos Mariños.

PROGRAMA 611B. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PESCA

1. Descrición.

Os créditos asignados a este programa cumpren fundamentalmente a función de financiar os gastos de funcionamento e do persoal dos servizos administrativos da consellería, distribuídos nos seus diferentes centros xestores, que son ademáis dos servizos centrais, as delegacións territoriais en Celeiro, Vigo e A Coruña, e as delegacións comarcais en Ferrol, Ribeira, Pontevedra e Carril, así como os funcionarios desta consellería destinados nas distintas confrarías de pescadores. Tamén se recollen no capítulo de investimentos partidas destinadas á mellora de infraestruturas nos citados centros administrativos co fin de conseguir unhas mellores condicións de traballo para o persoal ao servizo da consellería.

2. Actividades.

1. Acondicionamento e equipamento dos servizos da consellería.

2. Modernización dos procesos de datos da consellería.
3. Formación dun fondo de biblioteca.
4. Obras novas e de reparación nos edificios onde se ubican os servizos centrais e delegacións territoriais e comarcais.
5. Reparacións dos vehículos pertencentes ao parque móbil da consellería.
6. Leasing de vehículos.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral.

**PROGRAMA 612B. PROMOCIÓN COOPERATIVA E SOCIAL E
DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA**

1. Descrición.

Este programa trata de dar resposta a unha clara demanda social de que por parte das administracións se adopten aqueles medios necesarios para mellorar as condicións de seguridade no mar dos traballadores que desenvolven a súa actividade diaria nun medio que ten potenciais e coñecidos riscos para os profesionais. Esta situación social á que os colectivos e axentes son especialmente sensibles é un obxectivo deste departamento promovendo a búsqueda e a aplicación de medidas que contribúan a eliminar ou minorar as consecuencias derivadas do exercicio da actividade pesqueira, marisqueira e acuícola.

A execución desta medida conlevará unha primeira acción de sinatura dun convenio de colaboración con outras administracións con competencia na materia, na procura de optimizar e coordinar os medios materiais e humanos dos que se dispoñan, de xeito que a resposta sexa a que demanda o cidadán galego.

Esta actuación necesariamente deberá ir acompañada da dotación dos medios materiais aos funcionarios da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos que teñen encomendada esta misión, para que se desenvolva coas máximas garantías. Dentro deste

ámbito, realizarase unha auditoría para coñecer a situación actual dos distintos plans de actuación en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación, así como o coñecemento e adecuación dos medios dos que se dispoñen á dimensión do noso litoral e tendo en consideración o noso ámbito de actuación, co fin de optimizar os recursos públicos, dando resposta ás necesidades de Galicia.

Así mesmo, se procederá á ampliación da "póliza colectiva de accidentes do mar" que da cobertura na actualidade aos mariñeiros galegos embarcados en buques de calquera nacionalidade, así como aos mariscadores, acuicultores de viveiros flotantes e membros da Cruz Vermella do Mar, contemplando a todos os mariñeiros que se atopan enrolados en buques galegos con independencia da súa orixe, de xeito que se palie a escasa protección social deste amplo colectivo e se atenda gradualmente ás situacións familiares comprometidas.

Entre os obxectivos marcados na execución deste programa tamén se atopan as actuacións dirixidas á formación do sector pesqueiro que lles permita acceder e explotar axeitadamente as tecnoloxías precisas para unha mellor explotación, xestión e comercialización dos recursos mariños.

Por último, este programa acolle no seu seo un dos pilares de coñecemento e de transmisión de información e de dinamización do sector a través da necesaria potenciación da Axencia de Desenvolvemento Litoral que vai permitir o seu funcionamento a pleno rendemento tanto en materia de información e formación coma de promoción de novas actividades, cunha clara proxección de conexión cos próximos fondos europeos da pesca que fala de grupos de acción costeira artesanal como axentes dinamizadores e transmisores para o sector pesqueiro.

2. Actividades.

1. Auditoría dos plans de continxencias e dimensionamento axeitado dos medios ao ámbito de actuación galego.
2. Sinatura do convenio de colaboración coa Cruz Vermella do Mar.
3. Ampliación da "póliza colectiva de accidentes do mar".

4. Axudas para a realización de actividades de promoción social dos pescadores a través de proxectos globais de maior dimensión que permitan lograr de forma máis efectiva un desenvolvemento das comunidades pescadoras tanto nos aspectos formativos, organizativos e socioculturais acometidos tanto por entidades sen fin de lucro coma polas propias entidades do sector co fin de favorecer a autoorganización e a integración dos pescadores nestas.
5. Axudas para a realización de actividades de fomento do coñecemento do mar e a pesca dirixida a pescadores e a xoves, coa finalidade de mellorar a súa preparación en calquera dos ámbitos que teñan relación co mar e coa pesca.
6. Accións de divulgación sobre o mar mediante a edición de publicacións e outro material.
7. Accións dirixidas á mellora da produción marisqueira.
8. Campañas de sensibilización sobre a muller no sector pesqueiro.
9. Axudas para apoiar a creación de infraestruturas turísticas, de lecer e culturais. Este programa pretende mediante axudas a entidades e empresas fomentar a creación de infraestruturas turísticas, de lecer e culturais vinculadas á utilización de embarcacións e ao mar como elemento de dinamización económica e á conservación do patrimonio marítimo.
10. Axudas á creación de empresas de servizos á pesca ou á actividade pesqueira, dirixidas a xoves, mulleres ou persoal do sector pesqueiro.
11. Promoción do coñecemento do litoral galego.
12. Actualización e mantemento do sistema de xestión económica, financeira e contable das confrarías de pescadores.

3. Órganos encargados da súa execución.

Secretaría Xeral.

Dirección Xeral de Recursos Mariños.

Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

PROGRAMA 612S. PROMOCIÓN COOPERATIVA E SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA. F.S.E.

1. Descrición.

Programa complementario do 612B que recolle aquelas partidas que por ter como fonte de financiamento o Fondo Social Europeo se inclúen neste programa como medio instrumental para o seguimento e control. Ten como obxectivo xeral recoller o funcionamento do proxecto da Axencia de Desenvolvemento Litoral de Galicia (Adelga). Como xa se indicou anteriormente, esta axencia será a correa de transmisión bidireccional entre a administración e o sector, facilitando o coñecemento preciso das situacións, necesidades, demandas, estruturas e infraestruturas do sector costeiro artesanal, o que facilitará, por un lado a adopción de medidas correctoras e de mellora e por outra, o apoio necesario para a presentación de proxectos por parte das organizacións do sector, eliminando a cultura do subsidio para desenvolver ou manter o exercicio das actividades.

2. Actividades.

1. Funcionamento da Adelga, cubrindo os custos de persoal e de funcionamento propios da axencia.
2. Programa de formación a distancia: Ten como obxectivo facilitar o acceso á formación pesqueira a aquelas persoas que non poidan acceder a un centro de formación, e facilitar a promoción profesional dos traballadores do sector.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral.

Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

PROGRAMA 614B. ORDENACIÓN, REESTRUTURACIÓN, FOMENTO E MELLORA DA PRODUCCIÓN PESQUEIRA E DE CULTIVOS MARIÑOS

1. Descrición.

Dentro deste programa, realizaranse as actuacións necesarias para a creación dunha axencia que abra novos horizontes de comercialización e de investimentos en terceiros países para os empresarios galegos.

Así mesmo, pretende a elaboración dun estudo da utilización dos espazos portuarios galegos, co fin de ter un coñecemento exacto e pormenorizado da situación, necesidades e posibilidades deses espazos para o desenvolvemento de accións innovadoras por parte das persoas que configuran o sector.

Por último, e como acción dentro deste programa, contéplase a realización de paralizacións temporais dirixidas á elaboración de plans de recuperación daquelas pesquerías de interese para a flota galega que faena en augas da nosa competencia, na que necesariamente deberá existir unha implicación e un compromiso directo e firme do sector para conquistar o éxito da aplicación desta medida.

2. Actividades.

1. Plan de recuperación de pesquerías de interese galego con dificultades na súa explotación.
2. Estudos de utilización dos espazos portuarios pesqueros galegos.
3. Desenvolvemento e participación en programas comunitarios diversos de xestión e seguimento de distintas actividades vencelladas á pesca, ao marisqueo e á acuicultura.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Recursos Mariños.

Dirección Xeral de Estructuras e Mercados da Pesca.

PROGRAMA 615B. REGULACIÓN DAS PRODUCCIÓN E MERCADOS PESQUEIROS

1. Descrición.

Dentro da liña marcada no programa anterior de proxectos integrais, con este programa realizaranse as accións necesarias para a búsqueda e mellora das condicións de produción, enfocada en dúas direccións claramente definidas. Por unha banda, a dotación de equipamentos portuarios que atendan as demandas e necesidades do sector e por outro incidir na formación en técnicas produtivas e de xestión empresarial. O desenvolvemento destas dúas accións mellorará e facilitará unha evolución do sector nas liñas da produción e tratamento dos recursos.

Así mesmo, dentro deste programa preténdese facer unha clara aposta pola cultura do consumo dos produtos pesqueiros galegos. Desde un tempo a esta parte, estamos asistindo todos os cidadáns galegos a unha crecente preocupación por parte das autoridades sanitarias sobre a dieta alimenticia da sociedade actual, e con maior preocupación cando se refire ás etapas infantil e xuvenil. Na procura da mellora desta situación, e dentro deste programa, preténdese levar a cabo unha acción de fomento de consumo de produtos pesqueiros galegos nas dietas infantís e xuvenís dos nenos galegos, creando ao mesmo tempo unha cultura de consumo dos produtos pesqueiros galegos.

2. Actividades.

1. Mellora dos equipamentos portuarios.
2. Programa de formación dos traballadores do sector pesqueiro, na mellora da xestión e tratamento dos recursos pesqueiros.
3. Programa de formación para o tratamento dos produtos pesqueiros frescos.
4. Programa de fomento do consumo de produtos pesqueiros frescos nas dietas infantís e xuvenís dos nenos galegos.
5. Programa de formación para o consumo e comercialización do peixe fresco.

3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

Dirección Xeral de Estructuras e Mercados da Pesca.

PROGRAMA 721A. APOIO Á EMPRESA DO SECTOR PRIMARIO

1. Descrición.

Este programa atenderá ao desenvolvemento daquelas iniciativas formuladas polos profesionais do mundo do mar, ou a través das súas organizacións, incidindo na orientación xa marcada de que deberán presentarse proxectos concretos de actuación, proxectos que serán obxecto de axudas a través da publicación e convocatoria dunha orde de axudas, con criterios obxectivos, públicos e facilmente avaliábeis, que garanta a máxima transparencia e nos que impere a súa futura viabilidade e a creación de emprego estable, así como o respecto ao medio natural mariño, non acudindo a fórmulas de convenios que unicamente consolidan situacións antigas sen facer ningunha aportación innovadora ao sector.

Como é lóxico o desenvolvemento desta medida precisará da implicación das persoas que integran o complexo mar-industria, pois ao tratarse de proxectos integrais, buscaranse accións que contemplen todo o seu ámbito de actuación, é dicir, desde a rexeneración e recuperación dos bancos marisqueiros ata medidas de control e de melloras na explotación e programación racional na xestión dos recursos.

Esta medida, permitirá que tanto o sector coma a administración dispoñan da información e dos coñecementos concretos de cada ámbito de actuación co fin de adoptar políticas concretas nesa xestión, así como a dinamización das actividades que se levan a cabo no litoral galego. Así mesmo, a través destes proxectos integrais e da súa aplicación, permitirase que o sector sexa coñecedor das iniciativas que se están executando noutras áreas xeográficas ao que permitirá darlle o dimensionamento preciso a cada area, coñecer experiencias xa testadas e optimizar os recursos dos que se

dispoñan. Así mesmo, esta medida permitirá a formulación de propostas e adopción de novas vías de comercialización que permitan repercutir os costes fixos da explotación aos compradores e aos consumidores, co fin de facer viables os proxectos de explotación, a través de formulas innovadoras distintas da tradicional poxa á baixa.

2. Actividades.

Proxectos integrais de xestión dos bancos marisqueiros.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Recursos Mariños.

PROGRAMA 721B. APOIO Á EMPRESA INDUSTRIAL E DE SERVIZOS

1. Descrición.

Dentro deste programa se encadran catro accións de gran incidencia no ámbito empresarial vencellado directa e indirectamente co sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola galego.

O primeiro ámbito refírese á promoción dos produtos galegos e a súa comercialización. O gran reto que ten o sector galego, nun mercado cada vez máis globalizado, é o de conquistar o maior rendimento da venda dos seus produtos, baixo a filosofía non de vender máis, senón de vender moito mellor. Os nosos produtos teñen un prestixio e unha calidade internacionalmente coñecida, pero iso non debe ser óbice, senón máis ben, un acicate para que os nosos produtos teñan a cotización nos mercados consonte á súa calidade, e nesta acción é necesario que todos os sectores participantes nesta actividade se impliquen para conquistar que as condicións de comercialización dos produtos sexan óptimas. Así, deberá implicarse desde o sector extractivo, ata o comercializador, pasando polo transformador, conxelador e conserveiro, como unha acción común e integradora. Neste apartado é preciso incidir no xa manifestado

anteriormente, que será necesaria a búsqueda de novos mecanismos de comercialización que permitan repercutir os costes fixos soportados polo sector primario nos demais sectores que participan no proceso de comercialización e venda dos produtos pesqueiros.

En segundo ámbito, e directamente vencellado ao anterior da promoción, atópanse as medidas destinadas a mellorar as estruturas empresariais de transformación, manipulación, conxelado e conservas, todo elo inspirado no principio de desenvolvemento sostible e respecto ao medio ambiente e no principio de creación de emprego estable e consolidación de poboacións nas zonas costeiras galegas. Nesta actuación vai implícita a mellora das condicións estruturais dos equipamentos existentes nos portos pesqueiros galegos de xeito que se garanta a adaptación dos medios ás necesidades dos axentes que participan nos procesos que se desenvolven nese espazo portuario.

O terceiro ámbito céntrase nas accións relativas ao sector acuícola galego coma un sector estratéxico para a economía galega. Preténdese a aplicación de axudas públicas ás iniciativas que partan do sector, marcadas sempre polos principios sinalados no ámbito anterior de desenvolvemento sostible e respecto ao medio ambiente, apostando pola utilización das chamadas tecnoloxías e enerxías limpas.

O cuarto ámbito comprende o financiamento de investimentos privados á reestruturación, renovación e modernización da flota pesqueira galega, cunha aposta clara pola consecución dunha flota galega debidamente dimensionada e adaptada á realidade galega, tendo en conta, loxicamente, os distintos segmentos de flota existentes, primando a seguridade como un elemento imprescindible.

2. Actividades.

1. Axudas á promoción e búsqueda de novas saídas comerciais dos produtos pesqueiros galegos.
2. Axudas a novas instalacións e modernizacións de establecementos de acuicultura.
3. Axudas a novas instalacións e modernización das empresas de manipulación,

conservación, transformación, comercialización e tratamento de produtos pesqueiros, do marisqueo e da acuicultura.

4. Axudas á flota galega.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca.

4. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

	SERVIZOS				
	01	02	03	04	TOTAL
322K ENSEÑANZAS PESQUEIRAS	3.218,4			2.337,5	5.555,9
322S FORMACIÓN PROFESIONAL. F.S.E.	2.198,8			828,2	3.027,0
342A PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE	727,0			525,0	1.252,0
422B PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO NATURAL MARÍTIMO		9.643,0			9.643,0
432A PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	2.016,2			2.158,5	4.174,7
441A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA		30,0			30,0
611B DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PESCA	21.995,3				21.995,3
612B PROMOCIÓN COOPERATIVA E SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA	2.079,5	9.958,4	1.525,5	3.507,8	17.071,2
612S PROMOCIÓN COOPERATIVA E SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA. F.S.E.	1.452,2			48,1	1.500,3
614B ORDENACIÓN, REESTRUTURACIÓN, FOMENTO E MELLORA DA PRODUCCIÓN PESQUEIRA E DE CULTIVOS MARIÑOS	5.001,6	6.264,5	23.672,5		34.938,6
615B REGULACIÓN DAS PRODUCCIÓN E MERCADOS PESQUEIROS			13.123,3	185,0	13.308,3
721B APOIO Á EMPRESA INDUSTRIAL E DE SERVIZOS			105.230,5		105.230,5
TOTAL	38.689,1	25.895,9	143.551,8	9.590,1	217.726,8

(Miles de euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

		CAPÍTULOS						
		I	II	III	IV	VI	VII	TOTAL
322K	ENSINANZAS PESQUEIRAS	3.218,4	943,7		128,7	1.265,1		5.555,9
322S	FORMACIÓN PROFESIONAL. F.S.E.	2.198,8	583,5		183,8	60,9		3.027,0
342A	PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE	727,0				525,0		1.252,0
422B	PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO NATURAL MARÍTIMO			700,0		8.943,0		9.643,0
432A	PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	2.016,2	289,8		673,7	1.195,0		4.174,7
441A	ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTADÍSTICA					30,0		30,0
611B	DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PESCA	11.501,3	2.221,4		1.698,9	2.043,6	4.530,0	21.995,3
612B	PROMOCIÓN COOPERATIVA E SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA	363,1			973,0	14.323,7	1.411,3	17.071,2
612S	PROMOCIÓN COOPERATIVA E SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA. F.S.E.	1.070,9	381,3		48,1			1.500,3
614B	ORDENACIÓN, REESTRUTURACIÓN, FOMENTO E MELLORA DA PRODUCCIÓN PESQUEIRA E DE CULTIVOS MARIÑOS	5.001,6				4.656,3	25.280,7	34.938,6
615B	REGULACIÓN DAS PRODUCCIÓN E MERCADOS PESQUEIROS				95,0	13.021,6	191,8	13.308,3
721B	APOIO Á EMPRESA INDUSTRIAL E DE SERVIZOS					3.014,7	102.215,8	105.230,5
TOTAL		26.097,3	4.419,8	700,0	3.801,2	49.078,9	133.629,6	217.726,8

(Miles de euros)

Distribución orgánica

01	SECRETARÍA XERAL	2006
Cap. I	Persoal	26.097,3
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	2.602,8
Cap. IV	Transferencias correntes	2.121,9
Cap. VI	Investimentos reais	3.337,1
Cap. VII	Transferencias de capital	4.530,0
TOTAL		38.689,1

(Miles de euros)

02	D. X. DE RECURSOS MARIÑOS	2006
Cap. III	Gastos financeiros	700,0
Cap. VI	Investimentos reais	20.880,9
Cap. VII	Transferencias de capital	4.315,0
TOTAL		25.895,9

(Miles de euros)

04	D. X. DE INNOVACIÓN E DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO	2006
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	1.817,0
Cap. IV	Transferencias correntes	1.679,2
Cap. VI	Investimentos reais	5.843,8
Cap. VII	Transferencias de capital	250,0
TOTAL		9.590,1

(Miles de euros)

03	D. X. DE ESTRUTURAS E MERCADOS DA PESCA	2006
Cap. VI	Investimentos reais	19.017,2
Cap. VII	Transferencias de capital	124.534,6
TOTAL		143.551,8

(Miles de euros)

SERVIZO	2006
01 SECRETARÍA XERAL	38.689,1
02 D. X. DE RECURSOS MARIÑOS	25.895,9
03 D. X. DE ESTRUTURAS E MERCADOS DA PESCA	143.551,8
04 D. X. DE INNOVACIÓN E DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO	9.590,1
TOTAL	217.726,8

(Miles de euros)

Consellería e organismo autónomo

	Consellería	Organis. Autónomos	Transfer. Internas	TOTAL CONSOLIDADO
	2006	2006	2006	2006
Cap. I Persoal	26.097,3			26.097,3
Cap. II Gastos en bens Corr. e Serv.	4.419,8			4.419,8
Cap. III Gastos financeiros	700,0			700,0
Cap. IV Transferencias correntes	3.801,2			3.801,2
<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>	<i>35.018,3</i>			<i>35.018,3</i>
Cap. VI Investimentos reais	49.078,9			49.078,9
Cap. VII Transferencias de capital	133.629,6			133.629,6
<i>OPERACIÓN DE CAPITAL</i>	<i>182.708,5</i>			<i>182.708,5</i>
TOTAL BRUTO	217.726,8			
TOTAL CONSOLIDADO	217.726,8	0,0	0,0	217.726,8

(Miles de euros)

Sociedades públicas

	2006		
	Explo.	Capit.	TOTAL
Inst. T. para o C. do Medio Mariño de Gali.	1.938,0	4.530,0	6.468,0

Medios persoais

Consellería

	2006
<i>Altos cargos</i>	8
<i>Persoal funcionario</i>	693
Grupo A	246
Grupo B	59
Grupo C	181
Grupo D	135
Grupo E	72
<i>Persoal laboral</i>	159
Grupo I	8
Grupo II	12
Grupo III	69
Grupo IV	34
Grupo V	36
<i>Outro persoal</i>	8
TOTAL	868

